

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezasete de setembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinredo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona M^a del Juncal Capín Fonseca.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 10 de setembro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de setembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinredo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

Non se utilizou este punto da orde do día.

3º.- Expedientes de contratación

3.1. Aprobación do expediente de contratación núm. 2019/C005/000008, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente á subministración de mobiliario para as novas dependencias da Biblioteca Central de Cambre

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 12 de setembro de 2019, elaborouse pola bibliotecaria-arquiveira, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal , a memoria xustificativa da necesidade , idoneidade , insuficiencia de medios , motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, así como o prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de mobiliario para as novas dependencias da Biblioteca Central de Cambre, cun valor estimado de 83.664,36 euros e un orzamento base de licitación de 92.030,80 euros IVE incluído.

Coa mesma data do 12 de setembro, asíñase pola bibliotecaria-arquiveira, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal , o informe técnico relativo ao inicio do expediente de contratación para a subministración de mobiliario para as novas dependencias da Biblioteca Central do Concello de Cambre , e que contén os criterios de valoración das proposicións, as condicións especiais de execución do contrato e mailos criterios de solvencia esixible aos licitadores .

Consta Informe de Intervención emitido o 3 de setembro de 2019 , respecto da existencia no orzamento de 2019 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 3321 62500

Consta a providencia do señor alcalde , de data 12 de setembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría accidental e máis do interventor municipais, de data 12 de setembro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias que ten atribuídas o concello, co fin de dotar de elementos necesarios a nova sede da Biblioteca Central de Cambre, ubicada no edificio da nova Casa da Cultura , esto de conformidade co establecido no artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “... *equipamentos da súa titularidade*”), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C005/000008, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática), correspondente á subministración de mobiliario para as novas dependencias da Biblioteca Central de Cambre, cun valor estimado total de 83.664,36 euros e un orzamento base de licitación de 92.030,80 euros IVE incluído.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 3321.62500.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: O Sr. alcalde e, como suplente, a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona M^a Dolores Pan Lesta.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
O coordinador de actividades culturais e educativas municipal, e como suplente, a dinamizadora cultural dona M^a Pilar Paz Delgado

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca, e como suplente a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría dona Verónica M^a Otero López

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 6 ao 12 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da

Alcaldía número 1799/2019 e remata coa resolución da Alcaldía número 1841/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1799/2019	06-09-2019	Aprobación programa e orzamento Activ socioculturais 19
1800/2019	06-09-2019	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de setembro de 2019
1801/2019	06-09-2019	Licenza para a construción da vivanda unifamiliar a emplazar en Quintan-Cambre propiedade de DGS
1802/2019	06-09-2019	Licenza de primeira ocupación da vivanda unifamiliar sita en Espiñeiro Brexo propiedade de JRM
1803/2019	06-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Vilar, Anceis con existencia de abundante maleza. Propiedade: MSAG
1804/2019	09-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita no Vilar, Anceis. Propiedade: JFSG e CSG
1805/2019	09-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita no Vilar, Anceis. Propiedade: Herdeiros de MJMP
1806/2019	09-09-2019	Compensación de débedas: Recibos de auga, sumidoiro, depuración sumidoiro, depuración. FCP
1807/2019	09-09-2019	Aprobación da solicitude de subvención a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 - 2021 (FSE Galicia 2014 - 2020). Procedemento BS623C.
1808/2019	09-09-2019	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a MACG
1809/2019	09-09-2019	Solicitude de subvención para o «Proxecto de recuperación de ecosistemas naturais e o seu inventariado, con posta en valor do patrimonio inmaterial do Concello de Cambre»
1810/2019	09-09-2019	Desestimento tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade MJL
1811/2019	09-09-2019	Contrato menor arranxo portas escola infantil O Temple
1812/2019	10-09-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante á sita en estrada de Meixigo, Cambre. Propiedade: MMG
1813/2019	10-09-2019	Contrato menor para a adquisición dunha secadora para a Escola Infantil do Temple
1814/2019	11-09-2019	Aceptación de resolución do 31 de xullo de 2019 (DOG Nº 150, do 8 de agosto), da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 26 de abril de 2019. Programación de actividades dinamización da lectura que promovan a igualdade entre homes e mulleres e/ou a loita contra a violencia de xénero
1815/2019	11-09-2019	Levantamento reparos ao expediente de contratación 2019/c002/000306

1816/2019	11-09-2019	Aprobación "Programa actividades educativas municipais curso escolar 2019-2020: Actividades Extraescolares, Escola de nais e pais e Curso de Monitor de Comedor Escolar"
1817/2019	12-09-2019	Denegación axuda para alimentación básica e hixiene persoal a LCT por estar esgotado o período máximo de concesión
1818/2019	12-09-2019	Nomeamento secretaria suplente tribunal para a selección dun encargado de Obras interino
1819/2019	12-09-2019	Corrección erro Resolución número 1738/2019, de data 27 de agosto, adjudicación mediante sistema vale pedido, servizo de comidas augas e café para os participantes da Open Science Cambre 2019
1820/2019	12-09-2019	Contrato Menor para servizo de electrificación do evento Open Science Cambre
1821/2019	12-09-2019	Contrato menor para servizo de carpas da Open Science Cambre
1822/2019	12-09-2019	Subvención tramitada ao abeiro da Orde do 23 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2019 (DOG nº 234 do 10 de decembro de 2018).
1823/2019	12-09-2019	Aprobación do pagamento á Augas de Galicia do canon da auga correspondente autoliquidación do canon da auga do segundo cuatrimestre do 2019.
1824/2019	12-09-2019	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de agosto e o seu pagamento.
1825/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de A S F, Expte. nº. 3379/2018.
1826/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de A M A, Expte. nº. 3380/2018.
1827/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de D G A M, Expte. nº. 3381/2018
1828/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de M L Z, Expte. nº. 3391/2018
1829/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de J B B, Expte. nº. 3395/2018
1830/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de J M C B, Expte. nº. 3402/2018
1831/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de R G A, Expte. nº. 3409/2018
1832/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de A A G A, Expte. nº. 3410/2018
1833/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de J A G F, Expte. nº. 3412/2018
1834/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de D V V, Expte. nº. 3414/2018
1835/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de C C, Expte. nº. 3420/2018

1836/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de J R B N, Expte. nº. 3421/2018
1837/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de J C R M, Expte. nº. 3422/2018
1838/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de J M P B, Expte. nº. 3424/2018
1839/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de M L S, Expte. nº. 3433/2018
1840/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de C M H C, Expte. nº. 3435/2018
1841/2019	12-09-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes de R M F M, Expte. nº. 3438/2018

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos seguintes asuntos:

- A. Adxudicación do contrato menor correspondente á obra “ Pintura diversos espazos centros escolares de Cambre, periodo vacacional verán 2019”, a prol da entidade licitadora “Pinturas González Iglésias, S.L.”, no prezo ofertado de 14.856,40 € sen IVE, 17.976,25 € IVE incluído Expediente núm. 2019/C002/000269
- B. Adxudicación do contrato menor correspondente ao control de calidade para varias obras, a prol da entidade licitadora “3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega”, no prezo ofertado de 13.623,65 € sen IVE, 16.484,62 € IVE incluído. Expediente núm. 2019/C002/000306
- C. Adxudicación ao licitador Excavaciones y Obras Candal, S.L., no importe de 14.263,50€ sen IVE, 17.258,84€ IVE incluído, da actuación de “Mellora de accesibilidade en Cecebre, O Temple e A Barcala”. Expediente núm. 2019/C002/000262

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A. - Adxudicación do contrato menor correspondente á obra “ Pintura diversos espazos centros escolares de Cambre, periodo vacacional verán 2019”, a prol da entidade licitadora “Pinturas González Iglésias, S.L.”, no prezo ofertado de 14.856,40 € sen IVE, 17.976,25 € IVE incluído. Expediente núm. 2019/C002/000269

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 21/8/2019 elaborouse pola arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, a “Descripción técnica para o pintado de diversos espazos en varios colexios municipais”, cun orzamento de 14.877,85 €, sen IVE, 18.002,20 €, IVE incluído.

Con data 23/08/2019 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola coordinadora de actividades culturais e educativas municipal en funcións, o concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de cumprir coas competencias do Concello en materia de conservación, mantemento e vixancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, conforme ao estipulado no artigo 25. n) da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, e tendo en conta que resulta necesario cumprir coa demanda dos centros escolares relativa á pintura de diversos espazos, e que no departamento de Educación se iniciou o expediente número 2019/C004/000003 para contratar mediante procedemento aberto o mantemento de todos os centros escolares de Cambre, entre cuos traballos se inclúe a pintura, expediente que se atopa en fase de preparación. Isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP.

Con data 26 de agosto emítase documento de retención de crédito na aplicación 323.21200, e con data do 29 de agosto de 2019 emítase informe de fiscalización nº 223/2019, asinado polo interventor municipal.

Con data do 30 de agosto de 2019 emítase informe pola animadora deportiva adscrita a Educación coa conformidade da coordinadora de actividades culturais e educativas en funcións, no que se xustifica a tramitación do expediente mediante contrato menor.

Con data 11 de setembro de 2019 emítase informe pola animadora deportiva adscrita a Educación e máis polo coordinador de actividades culturais e educativas, no que consta que foron invitadas as seguintes entidades licitadoras:

- Imperchoiva, S.L.
- Pinturas González Iglesias, S.L.
- Acondiciona Gestión Obras e Reformas, S.L.

E que presentaron oferta os licitadores que a seguir se relacionan:

Licitador	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Imperchoiva, S.L.	15.675,00 €	18.966,75 €
Pinturas González Iglesias, S.L.	14.856,40 €	17.976,25 €
Acondiciona Gestión Obras e Reformas, S.L.	16.380,00 €	19.819,80 €

Formulando proposta de adjudicación da obra "Pintura diversos espazos centros escolares de Cambre, periodo vacacional verán 2019", a prol da entidade licitadora "Pinturas González Iglesias, S.L.", con NIF B15441934 e domicilio en O Pombo 37, Pravio 15668, Cambre, no prezo ofertado de 14.856,40 € sen IVE, 17.976,25 € IVE incluído, por ser a entidade que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento (factor prezo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Vista a proposta do concelleiro-delegado da Área de Educación , Medioambiente, Mobilidade e Sanidade de data 3 de setembro actual, e maila Resolución da Alcaldía nº 1779/2019 de data 03 de setembro de 2019.

Visto canto antecede, por parte desta concellería-delegada considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada correspondente á contratación da obra “Pintura diversos espazos centros escolares de Cambre, periodo vacacional verán 2019”, cun orzamento total de 14.877,85 euros sen IVE, 18.002,20 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 323.21200 “Mantemento edificios ensinanza infantil e primaria”.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000269, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato da obra “Pintura diversos espazos centros escolares de Cambre, periodo vacacional verán 2019”, a prol da entidade licitadora “Pinturas González Iglesias , S.L. con NIF B15441934 e, domicilio en O Pombo 37 , Pravio 15668, Cambre, no prezo ofertado de 14.856,40 € sen IVE, 17.976,25 € IVE incluído, por ser a entidade que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento (factor prezo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora da obra á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, quen exercerá así mesmo os labores de responsable do contrato de conformidade co establecido no artigo 62.2 LCSP, polo que lle corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.- Adxudicación do contrato menor correspondente ao control de calidade para varias obras, a prol da entidade licitadora "3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega", no prezo ofertado de 13.623,65 € sen IVE, 16.484,62 € IVE incluído. Expediente núm. 2019/C002/000306

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 22/07/2019 elaborouse pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal a memoria valorada correspondente á contratación do control de calidade para varias obras adxudicadas ou en licitación, de execución inminente, cun orzamento total de 14.045,00 euros sen IVE, 16.994,45 euros IVE incluído.

Con data 22/07/2019 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal , o concelleiro-delegado da Área de Urbanismo e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado en que nos pregos de cláusulas administrativas que rexen as contratacións das obras, se establece que a Dirección das obras ordenará a unha empresa especializada contratada pola Administración que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra, tendo en conta que as obras para as que se propón a contratación se atopan adxudicadas e en execución, e o seu comezo resulta inminente, e, mesmo no caso dalgunha das obras, se atopan a piques de finalizar, polo que se propón a excepcionalidade na contratación menor por se tratar dunha necesidade puntual e urxente para rematar as presentes obras. Todo isto en cumprimento das competencias propias que ostenta o concello na materia de infraestrutura viaria e equipamentos da súa titularidade, conforme se estipula no artigo 25.2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP.

Con data 23 de xullo de 2019 emítase informe pola interventora accidental municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 133.60900, 1532.61900, 161.61900, 160.60900, 171.61900, 454.22706 e 1532.22706, e de que respecto dos licitadores aos que se ten previsto solicitar oferta non constan contratacións anteriores dentro do actual exercicio orzamentario para dous deles, e para o terceiro sí constan contratacións anteriores, se ben non superan conxuntamente os límites legais establecidos, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data do 01/08/2019 emítase informe polo enxeñeiro de camiños municipal , no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Galaicontrol, S.L.
- 3C Calidad y Control SCG
- Geonor Servicios Técnicos, S.L.

e que se presentou a seguinte oferta :

Empresa	PREZO S/IVE	PREZO IVE INCLUIDO
3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega	13.623,65 euros	16.484,62 euros

Formulando proposta de adxudicación do control de calidade para varias obras adxudicadas ou en licitación a prol da entidade licitadora "3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega", con NIF F70380167 e domicilio no Polígono Pocomaco G12/2 , 15190 A Coruña, no prezo ofertado de 13.623,65 € sen IVE, 16.484,62 € IVE incluído, por ser a única entidade que presentou oferta , sen atoparse incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a

calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede , por parte desta concellería-delegada considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada correspondente á contratación do control de calidade para varias obras de inminente execución, cun orzamento total de 14.045,00 euros sen IVE, 16.994,45 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 133.60900, 1532.61900, 161.61900, 160.60900, 171.61900, 454.22706 e 1532.227062019

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000306, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato do control de calidade para varias obras adxudicadas ou en licitación , a prol da entidade licitadora "3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega", con NIF F70380167 e domicilio no Polígono Pocomaco G12/2 , 15190 A Coruña, no prezo ofertado de 13.623,65 € sen IVE, 16.484,62 € IVE incluído, por ser a única entidade que presentou oferta , sen atoparse incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Setimo: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido

nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C.- Adxudicación ao licitador Excavaciones y Obras Candal, S.L., no importe de 14.263,50€ sen IVE, 17.258,84€ IVE incluído, da actuación de “Mellora de accesibilidade en Cecebre, O Temple e A Barcala”. Expediente núm. 2019/C002/000262

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 16 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 4/7/2019 elaborouse pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë a memoria valorada para a subministración e instalación de barandas denominada “Mellora de accesibilidade en Cecebre, O Temple e A Barcala”, cun orzamento de 14.569,44 €, sen IVE, 17.629,02 €, IVE incluído.

Con data 9/7/2019 emítense proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de mellorar a accesibilidade en varios puntos do Concello onde existen desniveís, coa instalación dunhas barandas, mellorando así a seguridade viaria, e cumprir así coa normativa vixente, dando cumprimento ás competencias propias que ostenta o concello na materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP .

Con datas 12/07/2019 e 16/09/2019 emítense informes favorables polo interventor municipal , nos que constan, entre outros extremos, a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2019 1532 61900 , así como que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non consta que teñan subscrito contratos que superen a cifra prevista no artigo 118 da LCSP.

Con data 24/07/2019 emítase informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal e polo enxeñeiro de Camiños-xefe da sección de Servizos no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
- EXCAVACIONES Y ÁRIDOS ORDES, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	14.263,50€	17.258,84€
EXCAVACIONES Y ARIDOS ORDES, S.L.U.	14.350,00€	17.363,50€
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	14.569,44€	17.629,02€

formulando proposta de adjudicación da actuación de “Mellora da accesibilidade en Cecebre, O Temple e A Barcala”, a prol da empresa EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L., con NIF B15496219 e domicilio en A Brea, 52-15689-Ordes (A Coruña), no prezo ofertado de 14.263,50€ sen IVE, 17.258,84€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola técnica de Xestión de Administración xeral de data 16 de setembro de 2019, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada para a actuación denominada “Mellora de accesibilidade en Cecebre, O Temple e A Barcala”, cun orzamento de 14.569,44 €, sen IVE, 17.629,02 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 1532 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000262, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato da actuación de “Mellora de accesibilidade en Cecebre, O Temple e A Barcala”, á empresa EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L., con NIF B15496219 e domicilio en A Brea, 52-15689-Ordes (A Coruña), no prezo ofertado de 14.263,50 € sen IVE, 17.258,84 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

A entidade adxudicataria deberá acreditar, antes do inicio da execución da obra, o alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente no ámbito da cota que abarque ao Concello de Cambre.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, directora da obra e responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal



Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

M^a del Juncal Capín Fonseca